






ACTUALIZACIÓN SITUACIÓN METEOROLÓXICA DÍAS 20 AO 23 XANEIRO

Sábado 20 – Xaneiro: As altas presións aínda dominarán a situación meteorolóxica durante esta xornada, pero con tendencia a debilitarse. Isto fará que a xornada sexa seca, pero con aumento das nubes. O vento cambiará a suroeste, sendo frouxo pola mañá, con tendencia a aumentar a moderado pola tarde. O mar de fondo chegará moi tendido do noroeste.




MeteoGalicia - Xunta de Galicia





MeteoGalicia - Xunta de Galicia

Ventos e correntes previstas para o mediodía do sábado 20 de xaneiro

Domingo 21 – Xaneiro: Galicia atoparase durante este día no límite dunha área depresionaria moi extensa localizada no Atlántico norte. Isto propiciará a chegada de masas de aire morno pero cargado de humidade. Por tanto agardamos un día de ceo moi nubrado con chuvias febles e dispersas nas comarcas atlánticas. Os ventos soprarán do suroeste, con intervalos fortes no litoral e o mar de fondo aumentará, pero manténdose previsiblemente aínda por debaixo dos 4 metros en mar aberto. Aviso amarelo litoral da Coruña por vento forza 7 na segunda metade do día



MeteoGalicia - Xunta de Galicia




MeteoGalicia - Xunta de Galicia


Ventos e correntes previstas para o mediodía do domingo 21 de xaneiro



Luns 22 – Xaneiro: As baixas presións atlánticas moveranse lixeiramente cara ao sur, collendo a Galicia no seu radio de acción. Unha fronte fría pouco activa atravesará o noso territorio deixando chuvia non moi intensa, máis probable pola mañá e algo máis persistente na metade oeste. O vento de compoñente sur soprará aínda forte pola mañá pero perderá intensidade durante a tarde cando pola contra as ondas aumentarán en altura, superando os 6 metros de altura significativa o que ocasionará un aviso laranxa.




MeteoGalicia - Xunta de Galicia




MeteoGalicia - Xunta de Galicia

Ventos e correntes previstas para o mediodía do luns 22 de xaneiro

Martes 23 – Xaneiro: O martes continuaremos nunha situación intermedia entre as baixas presións atlánticas e o anticiclón dos Azores, aínda que máis no lado anticiclónico. Isto deixará unha xornada de ventos do suroeste que soprarán con intervalos de moderado no litoral, especialmente entre Bares e Fisterra. No litoral atlántico poderíamos ter algunha chuvia débil e ocasional. O mar de fondo seguirá chegando do noroeste, pero con ondas de menos de 4 metros de altura.



MeteoGalicia - Xunta de Galicia



MeteoGalicia - Xunta de Galicia

Ventos e correntes previstas para o mediodía do martes 23 de xaneiro



Valoración sobre a chegada dos granulados ao litoral de Galicia

Os ventos cambiarán novamente a suroeste durante esta xornada, aínda que non sopran con moita intensidade. Terán en xeral un carácter feble, acadando intervalos de moderado pola tarde no litoral da Coruña. E este vento do suroeste manterase tamén na xornada do domingo pero xa con forte intensidade, mesmo con avisos amarelos de forza 7. Estes ventos contribuirán de novo a afastar os granulados e a dispersalos polo Golfo de Biscaia. O vento do suroeste será ademais o vento predominante durante a vindeira semana.

Como nas xornadas anteriores, cómpre lembrar que esta valoración baséase na simulación realizada polo observatorio costeiro da Xunta de Galicia que parte da base de supoñer que tódalas bolsas contendo os granulados saíron á superficie ao mesmo tempo o día 8 de decembro. Tamén é necesario ter en conta que non se pode simular o comportamento de tódolos granulados individuais senón que nos serve para estimar o comportamento medio.

Información sobre as mareas:

Sábado, día 20

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Baixamar	05:35	1.4	Baixamar	05:20	1.3	Baixamar	05:23	1.3
Preamar	12:00	3.1	Preamar	11:41	3.0	Preamar	11:44	3.0
Baixamar	18:13	1.4	Baixamar	17:57	1.3	Baixamar	18:01	1.3

Domingo, día 21

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	00:41	3.1	Preamar	00:21	3.0	Preamar	00:24	3.0
Baixamar	06:54	1.3	Baixamar	06:40	1.3	Baixamar	06:42	1.3
Preamar	13:15	3.1	Preamar	12:55	3.0	Preamar	12:59	2.9
Baixamar	19:22	1.3	Baixamar	19:05	1.3	Baixamar	19:09	1.3



Luns día 22

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	01:47	3.2	Preamar	01:26	3.1	Preamar	01:30	3.1
Baixamar	08:03	1.2	Baixamar	07:45	1.2	Baixamar	07:49	1.2
Preamar	14:18	3.1	Preamar	13:56	3.0	Preamar	14:02	3.0
Baixamar	20:19	1.2	Baixamar	20:00	1.2	Baixamar	20:05	1.2

Martes, día 23

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	02:42	3.4	Preamar	02:19	3.2	Preamar	02:25	3.2
Baixamar	08:57	1.1	Baixamar	08:38	1.1	Baixamar	08:42	1.0
Preamar	15:09	3.2	Preamar	14:46	3.1	Preamar	14:53	3.1
Baixamar	21:06	1.1	Baixamar	20:45	1.1	Baixamar	20:51	1.1

Datos en tempo real:

Meteorolóxicos:

<https://www.meteogalicia.gal/observacion/meteovisor/indexVisor.action>

Océano-meteorolóxicos:

<http://www.intecmar.gal/Plataformas/plataformas.aspx>

Máis información dos modelos:

<https://www.meteogalicia.gal/modelos/inicio.action>